



## ELECCIÓN S AO CONSELLO ESCOLAR

### CIRCULAR INFORMATIVA ÁS NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS

En cumprimento do disposto no Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG 26-01-99), así como a resolución do 20 de setembro de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG do 29-09-2021), a Xunta Electoral constituída no centro para coordinar o proceso electoral e fixar o calendario de actuacións, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR FAMILIAS**, segundo o seguinte:

1. Corresponde renovar e polo tanto elixir **DOUS** representantes de nais, pais ou titores legais de alumnos/as (continúa a persoa elixida e designada pola ANPA).
2. Son electores/as todos os pais e nais ou, se é o caso, os/as titores/as legais do alumnado matriculado no centro no presente curso e incluídos/as no **censo electoral** que está exposto no taboleiro do centro. As reclamacións ao mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, que poderán presentar na Secretaría do centro ata ás 14.00 horas do día 12 de novembro.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro Educativo. A **presentación de candidaturas** poderá formularse dende o **5 ao 12 de novembro**.
4. A **relación de candidaturas** presentadas exporase no taboleiro a partir do 15 de novembro. As reclamacións á mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, ata ás 14.00 horas do día **17 de novembro de 2021**.
5. O sorteo das persoas membras da **mesa electoral** realizarase en acto público, entre as nais, pais e titores legais que non se presenten como candidatos/as o 15 de novembro ás 16.45 horas. Dita mesa electoral estará formada pola Directora, que actuará como Presidenta, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario/a o/a de menor idade.
6. A **campaña electoral** comprenderá do 16 ao 23 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos/as candidatos/as, previa



petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do centro.

7. As **votacións** realizaranse o **24 de novembro de 2021**, podendo votar dende 17.00 ata as 20.00 horas. A mesa será constituída o mesmo día en acto público ás 16.45 horas.
8. Cada elector/a fará constar na súa papeleta un máximo de **DOUS** nomes da listaxe de candidatos/as presentados/as, debendo acreditar a súa identidade mediante a exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admite o voto por correo. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
9. En datas próximas recibirán outra circular informándolles dos/as candidatos/as presentados/as.
10. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se puideran formular.

Laxe, 4 de novembro de 2021.

A Directora e Presidenta da Xunta Electoral

*Cistina Lage Villar*